

SE TI O CRES, PODES TER TODO O QUE QUEIRAS

Ana Pazos Blanco

Había unha vez unha nena chamada Leonor Perla. Cando foi de vacacións a México, pola noite viu algo estraño. Había alguén voando!

-Son as miñas alucinacións -pensou Leonor Perla.

Ela contoullo á súa amiga inglesa, e cando llo dixo, ela respondeu:

-What? I don't exist.

Ao día seguinte foi a comprobalo, viuno e acercouse.

-Ola, son Isaac -dixo o chico que vira voando.

-Ola, son Leonor Perla, pero chámame Leonor.

-Como é que voas?.

-Eu voo... Queres dar unha volta ata o

hotel? Despois, probas ti, se queres...
-Vale.

Voaron e voaron ata que cansaron. Logo Isaac e Leonor foron a buscar á súa amiga inglesa Lizzie.

Ensináronlle e se lle quedou a cara de asombro.

Foron ao teatro a ver unha actuación de Michael Jackson. Ao día seguinte, cando se ían de volta ao seu fogar Lizzie e Leonor, Isaac díxolles que vivía alí e que ao chegar a súa casa, que o chamasen.

Leonor así o fixo, chamouno. Pero Isaac non contestou, e Leonor pensou que talvez non habería cobertura. De súpeto oíu unhas pedras na súa ventá e saíu ver. Era Isaac!

Leonor foi correndo ata a beirarrúa.

-Como chegaches?. Non me digas que voando -dixo Leonor.

-Si. Queres dar a volta ao mundo? -dixo Isaac.

-Si, preguntareille á miña nai.

Foi ata a casa e díxolle Leonor á súa nai:

-Mamá, podo ir a dar a volta ao mundo?
Farei os deberes e a redacción que nos mandaron do verán.

-Vale, pero terás que levar cartos, non?

-Non, penso que teño, así que non.

-Se é verdade, dame 200 euros.

-Vale.

E de súpeto apareceron 200 euros. Cando Leonor deulle á súa nai os cartos, a boca se lle abriu de sorpresa.

-Pe, pero como e posible? -dixo tartamudeando a nai de Leonor.

-Bueno, explicareicho outro día. Ata logo...

Déronse uns bicos e despediuse da súa irmá maior Sofía. Foi coller o seu rato da sorte e marchou correndo.

Leonor díxolle a Isaac se ían a recoller a Lizzie, pero el díxolle que antes lle preguntase. Ela dixo que non podía ir porque todo o verán estivera ocupada viaxando dun lugar a outro.

Entón, os dous foron voando cunhas botas dende a súa casa, en Melilla, ata Ceuta, para comer e descansar. Alí viron un montón de cousas de Ceuta e compraron recordatorios, como un deportivo para o pai de Leonor, un iPhone para a súa irmá e o Ipad 2 para a súa nai.

Despois pasaron por África, a Túnez. Viron a un montón de xente manifestándose, ata a eles lles tiraron tomates, patacas.... En Exipto tamén viron unha obra moi fermosa que lles encantou, chamábase "A zapatilla de Rodhopis".

Tanto lles gustou que Leonor comprou o vestido e os zapatos vermellos, e Isaac a vestimenta do príncipe de Rodhopis.

Despois foron a un pobo a axudar a unha ONG de África. Moito axudaron dando diñeiro, roupa, comida... Por iso recibiron unhas medallas e saíron en todas as revistas do mundo.

Leonor chamou a súa nai para ver como

estaban. Logos pasaron días voando ata chegar a Francia e Inglaterra. Viron a torre Eiffel, o conto da Cincenta e foron a un baile chamado “Que me quiten o bailao”.

Bailaron ata as 12 e fóronse nunha carroza fermosa ata o seu hotel. Leonor viviu moi feliz desde ese día en que o que quería se fixo realidade.

Colorín colorado, conto xa está rematado.

